



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA CATRO DE SETEMBRO DO DOUS MIL OITO.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García , D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Torral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, , D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D. Celestino V. García Paz D^a. M^a. Carmen Gueimunde González, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

NON ASISTE

D^a. Olga María Méndez Carro

SECRETARÍA ACCTAL.

D^a. Fátima Moar Rivera

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do catro de setembro do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria accidental , D^a. Fátima Moar Rivera, celébrase a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

1º.- APROBACION DO PREGO DAS BASES QUE REXERAN O CONCURSO PARA A REDACCION DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL(PXOM)

O Sr. Alcalde inicia a sesión dicindo, que o asunto é a aprobación do- Prego das Bases que rexerán o “ Concurso para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)” e ven en propoñer que é urxente sacar adiante o Plan Xeral e manifesta a súa indignación por mor de que outros pregos non valeron e se tivo que acudir á Diputación Provincial e despois, a través dunha empresa externa, viñeron en redactarse o Prego que agora xa está informado favorablemente, tanto pola Intervención como pola Secretaría, con dictáme a favor dos Voceiros dos distintos Grupos políticos que acudiron á Comisión Informativa de Obras do día 4 de setembro de 2008.

O Sr. Alcalde remata dicindo que este acordo da aprobación do Prego das Bases, que se presenta hoxe ao Pleno Corporativo e que xa se dictaminou por unanimidade, é necesario para Viveiro e urxente, sendo preciso remitilo a información pública e á Unión Europea por superar a subvención os 204.000 euros e poden optar á redacción do Plan Xeral calqueira empresa dos países comunitarios.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese, en primeiro lugar a do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que dí que é urxente proceder á súa aprobación e manifés-



tase conforme á aprobación do Prego das Bases que rexerán o Concurso para a Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

A continuación intervén o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, e ven en dicir, que despois das rodas de prensa que se deron sobre o Plan Xeral...a ver se vai saír adiante e vai ser posible dunha vez, independente dos informes. Engade o sentir ao respecto e reitera a preocupación do seu partido para que o Plan Xeral de Ordenación Municipal, por fin, saia adiante, xa que este asunto e primordial para o desenrolo de Viveiro, recalcando, para rematar a súa intervención, que hai que ser esixente coa empresa adxudicataria.

Intervén o Concelleiro do B.N.G. D. José Antonio Goás Basanta, e manifesta que xa estivo conforme na Comisión Informativa de Obras e que dada a urxenza do asunto, o seu voto vai a ser a favor de que este tema vaía para diante.

Seguidamente, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que comeza felicitando a todos pola unanimidade e coincidir na importancia do tema que estamos a falar e solicita a tramitación urxente polo persoal encargado dado a importancia que require, remata.

A continuación procédese a votar esta proposta, e o Pleno da Corporación ven en aprobar o Prego das bases que rexerán o concurso.

Solicita intervir, novamente o Voceiro do PP, Sr. Leal para recordar o compromiso adquirido anteriormente, consistente en formar unha Comisión de Seguimento formada por membros da Corporación-Voceiros dos Grupos Políticos, Técnicos na materia, representantes de Asociacións veciñais, e remata para dicir, sempre en función de mirar as necesidades e un bo desenvolvemento do devandito Plan Xeral.

Seguidamente, efectúase a votación e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaséis), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Prego das Bases que Rexerán o Concurso para a Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)do Concello de Viveiro.

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXIRÁN AS CONDICIÓNS DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PLANEAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIVEIRO POR PROCEDIMENTO ABERTO

1. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente contrato a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Viveiro, consonte ao Prego de Prescripcóns Técnicas que figura unido ao expediente.



O artigo 84 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece que a redacción dos instrumentos de planeamento urbanístico efectuarase por facultativos con titulación universitaria de segundo e terceiro ciclo. Así mesmo, esixe que o equipo redactor do Plan Xeral estea formado por tres especialistas con titulación universitaria de segundo e terceiro ciclo dos que, polo menos, un deles terá que ser un arquitecto, enxeñeiro de camiños, canais ou portos. O concello carece de medios técnicos e persoais suficientes para darlle cumprimento o disposto no citado artigo 84 da Lei 9/2002 e garantir simultaneamente o funcionamento dos servizos administrativos, facéndose, polo tanto, necesario a contratación da elaboración do proxecto do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Viveiro.

É ademais vontade desta Corporación a aprobación do planeamento no mínimo tempo posible, de acordo coa tramitación de forma ordinaria (art. 93 e ss LCSP), sen dilacións indebidas máis aló das imputables á propia tramitación, a forza maior e as tramitacións que se leven a cabo noutras instancias administrativas autonómicas ou estatais. Por iso establece a penalidade por demora na execución dos traballos que teñen os seus alicerces no Art. 196.4 da LCSP, e que responden ademais ao puro equilibrio contractual, como consecuencia do establecemento das posibilidades de modificación e revisión que poidan xurdir no marco da execución do contrato e que soen xerar as maiores tensións que en nada benefician ao interese público, ao que responde esta licitación. Actuando neste espírito, esta Administración propónse unha rigorosa distinción entre o prazo de execución dos traballos polo contratista dentro de prazo e os prazos dimanantes da tramitación.

2. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano competente para contratar é o Pleno da Corporación, de conformidade co establecido na Disposición Adicional 2ª.2 da LCSP.

O mencionado órgano ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato administrativo e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezan a súa execución, modificalo e acordar a súa resolución, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdicción competente.

3. PREZO DO CONTRATO E FINANCIAMENTO

O prezo total do contrato ascende a 267.102 €, IVE incluído.

O contrato financiarase con cargo ás partidas correspondentes do orzamento municipal do ano 2008 e as correspondentes previstas nos orzamentos dos exercicios 2009, 2010 e 2011. E, se se aplica a prórroga, 2012. Para o ano 2008 xenerarase crédito na partida 432.22706 pola cuantía da subvención concedida mediante Resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 3 de abril de 2008.



Os pagos realizaránse tendo en conta o seguinte cronograma de execución e aboamento, sen prexuízo de que as baixas na licitación produzan actualización dos valores de acordo coas porcentaxes expresados e que os diferentes pasos da tramitación alteren os prazos aquí previstos. As baixas que se produzan na licitación imputaranse á última anualidade.

<i>Fases</i>	<i>Previsión temporal</i>	<i>Porcentaxe</i>	<i>Anualidades previstas</i>	
<u>1º Sinatura</u> <u>contrato de redacción e realización da información urbanística e diagnóstico.</u>	2008	10%	2008	53420,40 €
<u>Documen-</u> <u>to de inicio ou avance.</u>	2008	10%		
2º Presentación de Documento para informe previo á aprobación inicial.	2009	20%	2009	53420,40 €
3º Aprobación inicial	2010	20%	2010	53420,40 €
4º Aprobación provisional	2011	20%	2011	53420,40 €
5º Aprobación definitiva	Principios do 2012	20%	2012	53420,40 €

4. PRAZO DE EXECUCIÓN

O contrato terá unha duración de catro anos a contar dende a data de formalización do mesmo, tendo en conta a oferta realizada polo adxudicatario que establecerá un desglose das fases e prazos da tramitación.

Dadas as especiais características do obxecto contractual, o prazo suspenderase durante o tempo no que se estean a realizar trámites coa Administración Autonómica ou estatal, que non dependan do contratista ou da Administración Municipal do Concello de Viveiro, iniciándose a suspensión no momento da data de saída da petición do informe ou sometemento do expediente ao informe da admistración supralocal, reanudándose o transcurso do prazo dende a data da entrada da contestación ou do informe no Rexistro do Concello de Viveiro ou dende a data na que se produzan os efectos do silencio que establece a normativa urbanística.

5. PRÓRROGA DO CONTRATO



O artigo 279 da LCSP establece que os contratos de servizos terán unha duración máxima de catro anos, coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, se ben poderá preverse no mesmo contrato a súa modificación e prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización de aquel, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de 5 anos, nin estas poidan ser concertadas ailladas ou conxuntamente por un prazo superior ao fixado orixinalmente.

Polo tanto, o presente contrato poderá ser obxecto de prórroga anual por un período máximo dun ano, cando por causas non imputables á Administración nin ao contratista non sexa posible a súa recepción no prazo de execución fixado na cláusula anterior.

6. REVISIÓN DE PREZOS

Unha vez finalizado o prazo dos catro anos iniciais e de conformidade co artigo 77 da LCSP, a revisión dos prezos do presente contrato, poderá producirse aplicándose como índice de revisión ata o 85% da variación experimentada polo IPC Provincial de Lugo, durante a vixencia do contrato, tomando como referencia o IPC publicado polo INE no mes da sinatura do contrato, conforme as regras de cálculo establecidas no art 78.3 da LCSP.

7. MODIFICACIÓNS

De acordo co establecido no art. 202.1 e 2 da LCSP, cando se estime procedente e xustificado, polo órgano de contratación, poderanse establecer modificacións no obxecto contractual para atender a causas imprevistas non derivadas da mala praxis, dilacións indebidas ou falta de rigor nos traballos do equipo redactor do adxudicatario.

Teranse en conta, polo tanto, sen prexuízo de corresponder en exclusiva a súa apreciación ao órgano de contratación, as posibilidades de modificación, que deriven de modificacións normativas producidas no período de execución do mesmo, ou novas directrices da Corporación que impliquen novas prestacións ou modificacións sustanciais do traballo xa feito e recepcionado a conformidade do Concello. De conformidade cos principios da contratación pública, as modificacións implicarán a restauración xustificada do equilibrio económico contractual, de acordo co procedemento establecido no art. 97, 102 e 140 do RXLCAP.

8. PENALIDADES

De acordo co establecido no art. 196.4.2 da LCSP, fíxanse penalidades específicas polos incumprimentos deste contrato dos que se deriven demoras na aprobación do planeamento. A especificidade deriva da vontade manifestada na cláusula 1º que xustifica a imposición de penalidades a razón de 0,30 € por cada 600 € do prezo de adxudi-



cación, por cada día de demora no cumprimento dos prazos de cada unha das fases sinaladas na cláusula 14. Ditas penalidades serán descontadas das facturas a aboar en cada momento ao contratista.

Reputaranse incumprimentos aqueles retrasos na realización e entrega dos traballos que sexan imputables exclusivamente ao contratista e non a pendencia de informes sectoriais, decisións de Corporacións ou ós cambios introducidos a instancia do Concello nos documentos iniciamente sometidos á consideración do Concello polo equipo redactor, que non sexan obxecto de aprobación pola Administración urbanística cando o equipo redactor advertira por escrito ao Concello do risco de non conformidade da administración urbanística cos cambios que o Concello quere introducir.

9. PAGAMENTO DO PREZO DE ADXUDICACIÓN

O pago dos traballos realizarase mediante libramentos parciais sucesivos, a conta do importe total, que en ningún caso suporá a aprobación e recepción definitiva dos traballos. O abono á empresa adxudicataria das obrigas económicas derivadas do presente Prego, efectuarase mediante transferencia bancaria, tendo en conta o cronograma de actuación, recollido na cláusula terceira do presente prego e de acordo coas seguintes fases previstas no Prego de Prescripcóns Técnicas:

1º abono	Realización da información urbanística e diagnóstico.	10% do importe do prezo de licitación.
2º abono	Documento de inicio ou avance.	10% do importe do prezo de licitación.
3º abono	Presentación de documento para informe previo á aprobación inicial.	20% do importe do prezo de licitación.
4º abono	Documento para aprobación inicial.	20% do importe do prezo de licitación.
5º abono	<u>Documento para aprobación provisional e definitiva</u>	20% do importe do prezo de licitación...
6º abono	<u>Documento para aprobación definitiva</u>	20% do importe do prezo de licitación.deducidas as baixas en adxudicación (cláusula terceira).

O pagamento, unha vez aprobada a factura, realizarase de acordo co artigo 200.4 da LCSP, debendo pronunciarse desfavorablemente a Intervención municipal, en tanto non se reciba documento acreditativo da constitución da garantía definitiva e a entrega da documentación requerida en cada fase, previo exame e comprobación polos servizos técnicos municipais, que determinarán a adecuación dos traballos ás prescripcóns legais e contractuais, podendo solicitar estes as aclaracións ao adxudicatario que



estimen necesarias. No caso de que proceda a aprobación da factura, o órgano municipal competente aprobará o gasto.

O principio que rexerá os pagamentos ao contratista será o de servizo efectivamente realizado e recepcionado, de acordo co establecido nos pregos de contratación.

10. PRAZO DE GARANTÍA

A garantía será devolta ou cancelada cando se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato ou resolto este sen culpa do contratista, resultándolle de aplicación o disposto no artigo 90 da LCSP.

O prazo de garantía será de 6 meses dende a recepción do obxeto do contrato, que se considera producida coa aprobación definitiva do PXOM.

11. LUGAR DE ENTREGA

O contratista adxudicatario deberá entregalos traballos no Concello, a través do Rexistro Xeral, segundo os prazos de execución recollidos na cláusula 4 do presente prego.

12. LOTES

Non existe a posibilidade de licitar por lotes.

13. COMPROBACIÓNS DE CALIDADE

Ao tempo de recepción do obxeto do contrato, en cada unha das fases comprobarase o cumprimento de cada unha das cláusulas contidas no Prego de Cláusulas administrativas particulares e Prescripcions Técnicas.

14. RECEPCIÓN

As fases de execución do contrato son as que a continuación se expoñen cos seguintes prazos, nos que deberán de estar os documentos e traballos a disposición do Concello, de tal forma que o incumprimento dos mesmos imputable ao contratista determinará a imposición das penalidades que establece este prego :



Entrega da información urbanística e diagnóstico	Un mes dende a sinatura do contrato
Documento de inicio ou avance	Catro meses dende a sinatura do contrato
Informe de sostenibilidade ambiental	2 meses dende a recepción do documento de referencia.
Documento para informe previo á aprobación inicial	Doce meses dende a sinatura do contrato.
Documento para a aprobación inicial	Dous meses a contar dende a data na que se reciba no Concello o informe do Conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio. Este documento incluírá informe de alegacións presentadas no periodo de información pública dende o remate da exposición pública da aprobación inicial do PXOM.
Documento para aprobación provisional e definitiva	Catro meses, dende a entrega do informe de alegacións e recepción dos informes sectoriais necesarios.
Documento final	Cinco meses, dende a aprobación definitiva.

15. GARANTÍA PROVISIONAL

Para tomar parte no presente concurso, non se esixira garantía provisional consonte ao carácter potestativo da mesma, segundo o art. 91.1 da LCSP.

16. CONSTITUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA E PAGAMENTO DE ANUNCIOS

En virtude da adxudicación, o contratista está obrigado a constituir a correspondente garantía definitiva, ao pagamento do importe dos gastos de publicidade da licitación e doutros gastos que se ocasionen con motivo dos actos preparatorios e da formalización do contrato.

O pagamento dos anuncios efectuarase unha vez liquidados pola Administración na conta do Concello.

Efectuada a adxudicación, notificarase a mesma ao contratista no prazo de tres días e, ao mesmo tempo, requeriráselle para que dentro dos quince días naturais seguintes, presente no Rexistro Xeral do Concello documento que acredite a constitución da garantía definitiva por unha cuantía que ascenderá, consonte ao art 83.1 da LCSP, ao 5% do importe de adxudicación do contrato, IVE excluído, e así mesmo presente os correspondentes xustificantes de pagamento dos anuncios que, no seu caso, lle corres-



ponda facer efectivos dacordo co artigo 75 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos (Real Decreto 1098/2001).

A garantía poderá constituirse en metálico ou en valores públicos ou privados, mediante aval bancario consonte ao modelo establecido pola Corporación ou por contrato de seguro de caución, segundo o establecido no art. 84.2 da LCSP.

17. VARIANTES E MELLORAS

Non se admite a posibilidade de que as empresas licitadoras oferten variantes ao proxecto base.

18. PROCEDIMIENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase por procedemento aberto, ao que poderá concorrer calquera empresario interesado, sempre que nel concorran os requisitos de capacidade previstos pola normativa vixente para poder licitar, especificados no presente prego. Consonte ao espírito da lei, a adxudicación recaerá no licitador que, no seu conxunto, faga a proposición economicamente máis ventaxosa, segundo os criterios recollidos no prego, sen atender exclusivamente ó prezo da mesma.

O presente contrato sometese as regras dos contratos de regulación armonizada, ao abeiro da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público (artigos 13 e 16.1.b). Ao tratarse dun contrato destas características, está previsto na lei o Recurso especial en materia de contratación do art. 37, cuxas regras aplicaranse no presente prego.

19. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Están facultadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas e extranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, acrediten a correspondente clasificación ou solvencia económica , financeira ou técnica , e non estean incursas en ningunha das prohibicións do artigo 49 da LCSP.

As persoas xurídicas deberán xustificar que o obxecto social da entidade comprende o desenvolvemento de todas as actividades que constitúen o obxecto do contrato ao que concorren. A acreditación realizarase mediante a presentación dos estatutos sociais inscritos no Rexistro mercantil ou naqueloutro rexistro oficial que corresponda en función do tipo de entidade social.

Poderán concorrer unións de empresarios que se constituán temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación ao seu favor. Ditos empresarios responderán solidariamente



ante a Administración , e deberán nomear un representante ou un apoderado único da Unión.

Os que contrataten coa Administración, poden facelo por sí ou mediante representación da persoa autorizada, con poder debidamente bastantado pola Secretaría do Concello de Viveiro.

20. EXPOSICIÓN PÚBLICA DA DOCUMENTACIÓN E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

O expediente deste concurso, no que se inclúe o Prego de Prescripcóns Técnicas e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, poderá ser revisado na sección “*perfil do contratante*”, que o Concello de Viveiro ten na páxina de internet www.viveiro.es. Tamén poderá ser examinado, tomando as notas que se precisen ou, no seu caso, solicitar copia dos pregos no Rexistro de entrada do Concello ou no Servizo de Contratación municipal, de luns a venres, en horario de oficina (agás días festivos ou non hábiles) no prazo de 47 días dende a data de envío do anuncio de licitación ao Diario Oficial da Unión Europea, en cuxos días e horas poderán entregarse as proposicións e documentación que se xunte, en tres sobres pechados. No caso de que o último día de presentación de proposicións sexa sábado ou non hábil, trasladarase éste ao primeiro día que o fora.

Os sobres aos que se refire o parágrafo anterior , presentaranse pechados e co contido que se reflicte na cláusula seguinte. Irán identificados no seu exterior, con indicación da licitación á que concursan e asinados polo licitador ou persoa que o represente, con indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa (domicilio, teléfono e Fax, de forma lexible e co asinado do licitador ou persoa que o represente). No interior de cada sobre farase constar, por orde numérico, en folla independente o seu contido .

21. CONTIDO E FORMA DAS PROPOSICIÓNS

Tódalas declaracións presentadas deberán estar asinadas. E se estas tiveran mais dunha folla, deberán presentarse grapadas ou encuadernadas, sendo suficiente, neste caso, con que se asine a primeira e última folla de cada declaración.

SOBRE A, denominado “ DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA PRESENTADA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL “.

Para empresarios españois:

1. Resgardo acreditativo de constitución ante a Tesourería Municipal da garantía provisional , na forma legalmente establecida, que se deberá presentar grapada ou pegada por fora do sobre “A”.



2. Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a representación do asinante da proposición..
 - a. No caso de persoa física ou empresarios individuais: DNI. Dito documento poderá ser orixinal ou copia que teña carácter de auténtica consonte a lexislación vixente. No caso de persoa xurídica, escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible . Se non o fora, escritura do documento de constitución, estatutos ou Acta fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.
 - b. Poder bastantado, a costa do licitador, pola Secretaria do Concello.
 - c. No caso de concorrer á licitación varias empresas, constituindo unha Unión Temporal, cada unha delas, deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que suscriben a proposición, a participación de cada unha delas na UTE, o compromiso de constitución en Unión Temporal e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, ostente a representación da Unión ante a Administración en caso de resultar adxudicatarios.
3. Declaración responsable do licitador outorgada ante a autoridade xudicial, administrativa, notario ou organismo profesional cualificado, facendo constar:
 - a. Que o licitador non se atopa incurso nas prohibicións para contratar enumeradas no artigo 49 da LCSP.
4. Declaración responsable ou documentación acreditativa de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, a Comunidade Autónoma do seu domicilio, co concello no que teña o seu domicilio e coa Tesorería Xeral da Seguridade Social, de conformidade coas disposicións vixentes.
5. Deberán acreditar que ostentan os requisitos de solvencia económica económica e financeira, regulados no art. 64 da LCSP, e os requisitos de solvencia técnica regulados no artigo 67 da LCSP, ademais dos seguintes:
 - a. Documento no que a empresa licitadora se comprometa a ter como Director do Plan, con capacidade suficiente para representala en todo canto afecte a éste, a un especialista con titulación universitaria de 2º ou 3º ciclo, responsable da dirección do equipo redactor, durante o tempo de redacción do plan. Deberá acreditarse a experiencia do Director do Plan en proxectos de natureza análoga nos que participase. Aportarase a tal efecto certificación detallada na que se exprese:
 - Relación de traballos de urbanismo realizados e aprobados definitivamente, tanto a nivel individual como en equipo, diferenciando:



- Figuras de planeamento xeral (plan xeral de ordenación , proxecto de ordenación do medio rural, normas subsidiarias, delimitacións de solo urbano)
 - Traballos de planeamento de desenvolvemento (plans parciais, plans de sectorización, plans especiais).
 - Traballos de urbanismo en realización no intre da licitación actual.
 - Outros traballos de urbanismo realizados: instrumentos ou figuras non aprobados definitivamente, outro tipo de instrumentos ou figuras, etc..
- b. A certificación acreditativa da experiencia do Director do Plan deberá ser expedida por algún dos seguintes organismos:
- A administración contratante.
 - A Administración competente para a aprobación do plan, instrumento ou figura declarada.
 - O colexio oficial correspondente.
- c. De conformidade có disposto no artigo 84 da lei 9/2002, a redacción do Plan deberá ser realizada por un equipo multidisciplinar, formado por un mínimo de tres especialistas con titulación universitaria de 2º ou 3º ciclo, dos que como mínimo, un deles terá que ser arquitecto ou enxeñeiro de camiños, canais e portos. Xuntarase compromiso expreso de adicación dos membros do equipo á realización dos traballos obxeto de licitación e curriculum detallado cos datos persoais, académicos e profesionais de cada un deles, con especial referencia aos extremos indicados no punto a).

Para empresarios extranxeiros:

1. Resgardo acreditativo de constitución da garantía provisional, na forma legalmente establecida.
2. Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a representación dos asinantes da proposición.
 - a. No caso de persoa física ou empresario individual, DNI ou documento que legalmente o substitúa. Dito documento poderá ser orixinal ou copia que teña ca-



rácter de auténtica, consonte á lexislación vixente. No caso de persoa xurídica, escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro correspondente, cando este requisito sexa esixible.

Cando se trate de empresarios de Estados membros da Unión Europea, deberán acredita-la súa inscrición nun Rexistro profesional ou comercial cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios extranxeiros deberán acreditar a súa plena capacidade para contratar e obrigarse consonte a lexislación do seu Estado, mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente, ou da Oficina Consular en cuxo ámbito radique o domicilio social da empresa.

Os empresarios de Estados membros da Unión Europea e demais empresarios extranxeiros, deberán acreditar, así mesmo, que ostentan os requisitos de solvencia económica e financeira, técnica ou profesional requeridos para os empresarios españois no presente contrato, mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente, debendo xuntar, ademais, as empresas extranxeiras non pertencentes a estados comunitarios, informe emitido pola Misión Diplomática Permanente de España, de que o país de orixe da empresa extranxeira admite, a súa vez, a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma sustancialmente análoga.

- b. Poder bastantado, a costa do licitador, pola Secretaria do Concello, si obra en representación doutra persoa ou dalgunha entidade.
 - c. U.T.E.: No caso de concorrer á licitación varias empresas, constituindo unha Unión Temporal, cada una delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que suscriben a proposición, a participación de cada unha delas na UTE, designación da persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, ostente a representación da agrupación ante a Administración e o compromiso da Unión Temporal, no caso de resultar adxudicatarios.
3. Declaración responsable do licitador outorgada ante a autoridade xudicial, administrativa, notario ou organismo profesional cualificado, facendo constar que o licitador non estea incurso en ningunha das prohibicións para contratar enumeradas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
 4. Declaración de someterse a xurisdicción dos xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran ser consecuencia do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional extranxeiro que puidera corresponder ao licitante.



5. As empresas extranxeiras que contraten en España presentarán a documentación traducida de forma oficial ao castelán ou, no seu caso, á lingua respectiva da Comunidade Autónoma, en cuxo territorio teña a súa sede o órgano de contratación.

Os mencionados documentos deberán presentarse en orixinais, copias auténticas ou compulsadas.

A documentación esixida neste prego deberá presentarse completa, non admitíndose remisións a documentos aportados noutros expedientes.

SOBRE B. DENOMINADO “REFERENCIAS TÉCNICAS PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIVEIRO”, presentadas por....., e conterà:

Documentación acreditativa das condicións establecidas no Prego de Prescricións Técnicas e da documentación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares, en relación cos criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación.

SOBRE C, denominado “PROPOSICIÓN ECONÓMICA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIVEIRO, conterà exclusivamente unha sola proposición económica, asinada polo licitador ou pola persoa que o represente. Non poderá subscribirse ningunha proposta en unión temporal con outro se se fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. Deberá axustarse ao modelo que se inserta no Anexo I deste prego.

22. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONCURSO

Consonte aos pregos de prescricións técnicas particulares e o artigo 134 da LCSP para a valoración das proposicións aplicaranse os seguintes criterios de puntuación referidos aos contidos dos sobres B e C de referencias técnicas e proposición económica establecéndose unha puntuación máxima de 100 puntos.

1. Capacidade e coherencia interna do equipo redactor e aspectos curriculares dos licitadores: ata 20 puntos.

Estimaranse os seguintes aspectos por orde de prioridade:

- Carácter multidisciplinar do equipo.
- Presencia de técnicos urbanistas con coñecementos específicos da Administración Local.
- Especialistas en áreas concretas dos traballos a desenvolver.



2. Plan de realización dos traballos e prazo (memoria): ata 30 puntos.

Sendo criterios de avaliación deste aspecto:

- Esquema de fases e prazos que deberán comprender os traballos obxecto do contrato.
- A metodoloxía a empregar no desenvolvemento dos traballos en función da súa adecuación aos obxectivos que se pretenden conseguir co planeamento proposto, así como a política de actuación urbanística exposta para a súa consecución e organización do traballo para o cumprimento riguroso dos prazos.

Os prazos deberán constar no sobre B de forma detallada, facendo referencia aos prazos intermedios entre as diferentes fases nos que o licitador se compromete á presentación dos documentos no Concello.

- Innovación da proposta do equipo redactor respecto de medios e técnicas a empregar na exposición pública e participación cidadá durante o proceso de tramitación.

3. Oferta económica: ata 20 puntos.

Á proposición máis ventaxosa aplicaráselle o máximo de puntuación (10 puntos), establecéndose a puntuación neste aspecto dos demais licitadores de forma proporcional.

4. Oficina no ámbito provincial: 10 puntos.

5. Disponibilidade e dedicación do equipo técnico para a execución do contrato, valorándose as medidas proposta para ter unha comunicación permanente có Concello: ata 20 puntos.

23. MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación constituirase de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da LCSP e coa composición indícase no Anexo II deste prego.

24. APERTURA DE PROPOSICIÓNS

→ Cualificación da documentación e defectos ou omisións subsanables

A Mesa reunirse aos efectos da cualificación da documentación presentada. Previa á constitución da Mesa, o Presidente ordeará a apertura dos sobres que con-



teñan a documentaición administrativa (Sobre A) e o Secretario da Mesa certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicarao verbalmente aos interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias reseñadas faranse públicas a través do taboleiro de edictos, concedéndose un prazo máximo de 3 días hábiles dende o seguinte ao da súa publicación para que os licitadores os corrixan ou subsanen.

Do actuado consonte a este artigo deixarase constancia na acta que necesariamente deberá extenderse.

→ **Valoración dos criterios de selección das empresas**

A Mesa, unha vez cualificada a documentación administrativa e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección das mesmas, fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, ou rexeitados e sobre as causas sobre as que son rexeitados.

→ **Apertura de proposicións económicas**

Se a documentación administrativa fora conforme, procederáse seguidamente á apertura das proposicións económicas en acto público o día e hora fixado na web municipal www.viveiro.es, no perfil do contratante.

Comenzará o acto de apertura de proposicións dándose lectura do anuncio do contrato e procedéndose seguidamente ao reconto das proposicións presentadas e a súa confrontación cos datos que figuren nos certificados extendidos polo responsable da oficina receptora das mesmas, tra lo cal darase coñecemento ao público do número de proposicións recibidas en nome dos licitadores dando ocasión aos interesados para que podan comprobar que os sobres que conteñen as ofertas se atopan na Mesa e en idénticas condicións nas que foron entregados.

No caso de discrepancias entre as proposicións que obren en poder da Mesa e as que como presentadas se deduzan das certificacións que dispón a mesma, ou se presenten dúbidas sobre as condicións de segredo nas que deberán ser custodiadas, suspenderase o acto e realizaranse urxentemente as investigacións oportunas sobre o sucedido, volvéndose a anunciar, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios do Concello a reanudación do acto público, unha vez que todo quedase aclarado na debida forma.

O Presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas e das rexeitadas.



As ofertas que correspondan ás proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

➔ **Rexeitamento de proposicións económicas**

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola Mesa en resolución motivada. Polo contrario, o cambio ou omisión dalgúns palabras do modelo, con tal de que nin o un nin o outro alteren o seu sentido, non será causa bastante para rexeitar a proposición.

25. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

A Mesa de Contratación evaluará, consonte aos aspectos económicos e técnicos sinalados na cláusula 22 do prego, as ofertas presentadas e formulará a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación, consonte ao artigo 144 da LCSP.

O órgano de contratación, previos os informes técnicos correspondentes, se fosen precisos, así como có informe da Intervención municipal, adxudicará o contrato no prazo máximo de dous meses, salvo outro que sexa indicado no prego, a contar desde a apertura das proposicións. De non dictarse a adxudicación no devandito prazo o empresario terá dereito a retirar a súa proposición e a que se lle devolva a garantía depositada.

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada, que deberá notificarse aos candidatos ou licitadores e publicarse no perfil de contratante do órgano de contratación, sendo de aplicación o previsto no artigo 137 en canto a información que debe facilitarse a aqueles, aínda que o prazo para a súa remisión será de 15 días hábiles.

Corresponde ao órgano de contratación por razóns de interés público, debidamente xustificadas, renunciar a celebrar un contrato antes da adxudicación provisional. Tamén poderá desistir da adxudicación, antes da adxudicación provisional, cando se aprecie unha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

En ambos casos o órgano de contratación compensará aós candidatos ou licitadores polos gastos en que incurresen ata un máximo de 500 € por licitador, previa xustificación dos mesmos.



26. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran 15 días hábiles, contados dende o seguinte a aquel no que se publique aquela no perfil do contratante do órgano de contratación.

Durante este prazo o adxudicatario provisional deberá aportar os documentos acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social de constituir a garantía definitiva, consonte ao estipulado na cláusula seguinte, e de aboar todos os anuncios da licitación.

Así mesmo, poderá esixirse motivamente ao adxudicatario que acredite de novo a súa personalidade e capacidade para contratar.

Para acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, deberá presentar orixinais ou copias auténticas dos seguintes documentos:

- Certificacións expedidas polos órganos competentes en cada caso, coa forma e cos efectos previstos nos artigos 13, 14, 15 e 16 da RXLCAP, acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas pola lexislación vixente.
- Certificación expedida polo órgano competente da Consellería de Economía e Facenda, acreditativo de que non existen débedas de natureza tributaria coa Facenda autonómica.

Se no prazo anteriormente sinalado non se recibise esta documentación ou o licitador non xustificase que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a Mesa de Contratación, no seu caso, propondrá como adxudicatario provisional ao licitador ou licitadores seguintes por orde das súas ofertas.

27. GARANTIA DEFINITIVA

Publicada a adxudicación do contrato no perfil do contratante, o adxudicatario estará obrigado a constituir, no prazo de 15 días hábiles, unha garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación, IVE excluído. A garantía poderá constituirse en calquera das formas establecidas no artigo 84 LCSP, cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do RXLCAP ou mediante a garantía global cos requisitos establecidos no artigo 86 LCSP. De non cumprir este requisito por causas imputables ao mesmo declararase resolvo o contrato.

A garantía definitiva responderá dos conceptos mencionados no artigo 88 LCSP.

A devolución e cancelación das garantías efectuarase de conformidade co disposto nos artigos 90 LCSP e 65.2 e 3 do RGLCAP.



28. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato efectuarase na forma prevista no artigo 140 da LCSP e dentro dos 10 días hábiles a contar dende a data da notificación da adxudicación definitiva. No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán acreditar a constitución da mesma en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato e NIF asignado á agrupación.

Cando por causas imputables ao contratista, non puidera formalizarse o contrato dentro do prazo sinalado, resolverase o mesmo con perda da garantía e indemnización dos danos e prexuízos ocasionados, podendo adxudicarse ao licitador ou licitadores seguintes a aquel por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos con terceiros, sempre que se cumplan os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP.

29. SUBCONTRATACIÓN

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 210 LCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ao disposto no artigo 211 LCSP. O incumprimento do prescrito neste artigo dará lugar ás penalidades establecidas nos artigos 210.3 e 210.7 LCSP; así mesmo, configúrase como unha causa de resolución, consonte ao establecido no artigo 206, parágrafo g.

30. CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato non se entenderá cumprido polo contratista ata que non realice a totalidade do seu obxecto, executándose ao seu risco e ventura.

O incumprimento polo contratista de calquera cláusula contida no contrato autoriza á Administración para esixir o seu estricto cumprimento ou ben acordar a resolución do mesmo.

Cando o contrato se resolve por culpa do contratista, seralle incautada a garantía. Serán causas de resolución do contrato as establecidas nos artigos 206 e 284 da LCSP cos efectos previstos nos artigos 207 e 285 da LCSP e 109 a 113 do RXLCAP, así como as que se determinen no contrato por incumprimento das obrigas esenciais do mesmo.



O contratista estará obrigado a gardar silencio respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

31. DEBERES DO CONTRATISTA

O contratista terá, ademais das obrigas comprendidas na LCSP, no Real Decreto 1198/2002, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas; na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais normas concordantes, aquelas que figuran nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como as que conforme ao resultado da licitación e as prescricións dos documentos anteriores se incorporen ao contrato.

32. RÉXIME XURÍDICO

O contrato rexirase polo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, polo Prego de Prescricións Técnicas, pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector Público e, en canto non estea derogado por ésta, polo Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Vixentes en materia de réxime local, así como as demais disposicións concordantes.

33. DEREITO DE PROPIEDAD

O traballo obxecto do contrato será de exclusiva propiedade do Concello de Viveiro e non poderá ser reproducido total ou parcialmente sen expresa autorización deste.

34. XURISDICCION COMPETENTE

O órgano xurisdiccional competente para resolver as cuestións litixiosas que xurdan no desenvolvemento do presente contrato, serán os Tribunais da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Viveiro , a 13 de agosto de 2008

O Alcalde

A Secretaria

Asdo. Melchor Roel Rivas

Asdo. Sara Martínez Álvarez



ANEXO I.

MODELO DA PROPOSICIÓN

"D/Dña., don DNI núm., domiciliado na rúa....., núm., de, código postal....., municipio..... provincia..... país , teléfono , fax , maior de idade , en nome propio, ou actuando en representación da empresa , cuxo código de identificación fiscal é , e o seu domicilio social na rúa , núm., de código postal municipio , provincia país teléfono fax , coñecedor dos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescripcóns técnicas que rexen o "Concurso público para a realización do contrato de servizos para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Viveiro" e aceptando integramente o contido dos mesmos, se compromete (en nome propio ou da empresa) a realizalo por:

Prezo de (en letras e cifras) euros, IVE incluído o que representa a cantidade de , máis en concepto de IVE, o que supón unha baixa do tanto por cento respecto ao prezo tipo.

O que asina en a de de

Asinado"



ANEXO II.

MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN

Presidente	D. Melchor Roel Rivas	Alcalde-Presidente do Concello.
Vogáis	Dona Sara Martínez Álvarez	Secretaria da Corporación
	D. Fidel García Martul	Interventor da Corporación
	Dona María Isabel Parapar Ben	Técnico de Urbanismo
	D. Jesús Fernández Cal	Concelleiro delegado de obras
	Técnico superior	Nomeado pola Dirección Xeral de Urbanismo, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda
	Concelleiros	Representantes de cada un dos grupos da oposición municipal.
Administrativo de Administración Xeral	D. José Vivero Russo	Secretario da Mesa de Contratación

“

SEGUNDO.- Que se someta a información pública nos Boletíns Oficiais e se dá conta deste acordo ao organismo competente da Unión Europea polo persoal encargado da oficina de Urbanismo.

2º.- DESAFECTACION DAS ESCOLAS DE XUNQUEIRA, LANDROVE E GALDO, POR PARTE DA CONSELLERIA DE EDUCACION, EN BENEFICIO DO CONCELLO DE VIVEIRO



Polo Sr. Alcalde, maniféstase que existe o dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras e de Urbanismo, en sesión celebrada o día 4 de setembro que, por unanimidade, dictaminou favorablemente solicitar autorización á Consellería de Educación para desafectar ás Escolas de Xunqueira, Landrove e Galdo do servizo público educativo, e vén en aclarar que, no caso de Galdo, correspondería esta desafectación á “parte nova” do Colexio Vello de Galdo. Engade que todo é coa finalidade de destinalos a Centros Socioculturais das Parroquias dado que non se usan, os mencionados edificios, para os fins aos que estaban destinados, tal vez pola pouca matrícula de nenos en preescolar.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese, seguidamente, o Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, manifestando que, pola súa condición de Delegado de Facenda, menciona que isto vai costarlle cartos a Viveiro, pero sen dúbida algunha, o seu grupo respalda a iniciativa da presidencia por considerar moi importante que os veciños das parroquias conten cuns locais para as súas reunións e actividades.

Intervén, o Voceiro do P.P. D. Guillermo Leal Arias, indicando que está a favor de que estes edificios pasen ao patrimonio municipal e sexan desafectados, xa que non veñen prestando servizos educativos, por mor de que se están levando a cabo en outros Centros Escolares do Concello de Viveiro.

A Continuación, intervén o concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goas Ladra, e manifesta que está a favor da desafectación como xa deixou claro na Comisión Informativa de Obras.

Seguidamente, intervén o Concellerío de IU-E.U, D. Orlando Expósito Mariño, que manifesta que está a favor da desafectación.

A continuación, procédese a efectuar la votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaséis), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros, acorda:

PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Educación, Dirección Xeral do Ensino Básico, a desafectación das Escolas de Xunqueira”; Landrove”, e Galdo”,- parte nova do Vello Colexio de Galdo”., motivándose no non uso dos mencionados edificios para os fins aos que estaban destinados e que poidan usalos os veciños como centros socioculturais.

SEGUNDO.- Que si se produce a “autorización” acordar a cualificación dos edificios, desafectándoos dos servizos públicos mencionados.

TERCEIRO.- Someter a información pública, polo prazo dun mes, no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de edictos do Concello.



**3º.- ESCRITO DAS RELIXIOSAS CONCEPCIONISTAS, SOLICITANDO EXEN-
CION DO IMPOSTO E TAXAS DA OBRA “REHABILITACION DO CONVENTO DAS
CONCEPCIONISTAS DO CONCELO DE VIVEIRO**

Polo Sr. Alcalde, dáse conta dun escrito da Abadesa do Convento de Concepcionistas Franciscanas de Viveiro, no que solicitan a exención do pago do imposto da licenza de obras-expediente URB/39/2008, en base ao artigo 4 da Ordenanza fiscal número 2, pola que se exige do pago do imposto de construcións, instalacións e obras, ás Ordes e Congregacións Relixiosas. Do mesmo xeito, solicita a bonificación na cota do 90% de importe da taxa de licenza.

Polo que o Sr. Alcalde, se propón ao Pleno da Corporación Municipal, que se considere a obra de Interese Social e que por tratarse dunhas Obras de Rehabilitación e Conservación dentro do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Centro Histórico, e por ser de especial interese Histórico-artístico, conceder a exención do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e conceder a bonificación na cota do 90% do importe da taxa de licenza, seguindo do mesmo xeito que na rehabilitación do Centro das Relixosas “Inmaculada Niña” e subvencionar a contía das taxas municipais.

Aberto a quenda de intervencións:

Toma a palabra o Voceiro do PS. de G.-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que manifesta que o seu Grupo vai respaldar esta iniciativa.

A continuación o Voceiro do PP. D. Guillermo Leal Arias, manifesta que o seu Grupo está a favor de subvencionar o 100 por 100.

Intervén o Concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta, quen se manifesta a favor da exención do devandito imposto.

Seguidamente, o Concelleiro de IU-EU., D. Orlando Expósito Mariño, dí que vai votar a favor da exención.

Finalmente, remata o Sr. Alcalde, quen lle dí ao Voceiro do PP, Sr. Leal, que buscou algunha Ordenanza do anterior Goberno, e que non atopou ningunha que diga que se subvenciona na súa totalidade co 100 por 100 ningunha obra. Polo que considera mellor someter a votación a proposta da Alcaldía que vai conforme a Ordenanza Municipal actualmente en vigor.

Non se producen máis intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, (dezaséis) o que supón a maioría absoluta do número legal de membros, acorda: da mesma maneira que se fixo coa obra do Colexio de Relixosas “Inmaculada Niña” e segundo establece o Informe da Intervención municipal existente no expediente:

PRIMEIRO.- Aprobar a exención do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICiO), segundo establece o artigo 100 do Texto Refundido de Réxime Local, así como o Acordo entre o Estado español e a Santa Sede, a favor de Órdes e Congregacións Relixiosas.

SEGUNDO.- Bonificación da cota do 90% do importe da taxa pola obtención da licenza urbanística, conforme á proposta da Alcaldía, por ser de interese social e estar no Centro Histórico de Viveiro, e da mesma maneira que se fixo coa obra do Colexio de Relixosas “Inmaculada Niña”



TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Abadesa do Convento de Concepcionistas Franciscanas de Viveiro e aos departamentos de Obras, Intervención e Tesourería.

4º.- PROPOSTA PARA A RESOLUCION DE CONTRATO COA ENTIDADE “CONSTRUCCIONES EGANO, S.L. PARA EXECUCION DA OBRA DENOMINADA “ACONDICIONAMIENTO E MELLORA DO CONSERVATORIO DE MUSICA DE VIVEIRO”

Polo Sr. Alcalde dase conta da necesidade de resolver o contrato asinado o día 26 de novembro de 2007 coa Empresa “Construcciones EGANO S.L.”, para execución da obra denominada “Acondicionamento e mellora do Conservatorio de Música de Viveiro”, por incumprimento do mesmo, engadindo que obran no expediente os informes favorables a esta resolución e acordos preceptivos emitidos polos técnicos e servizos competentes. Finaliza dicindo que terán que sacar a obra por procedemento negociado para rematar a execución total da mesma.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese en primeiro lugar a do voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que se manifesta a favor de resolver o contrato a Egano, S.L.

A continuación intervén o voceiro do PP, D.Guillermo Leal Arias, manifestando que está a favor da resolución do contrato coa entidade “Construcciones Egano, S.L.” e manifesta que é urxente volver a contratar antes de que veña o inverno, por mor de rematar as obras que están pendentes e tamén a iniciación do curso.

Seguidamente, intervén o voceiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que dí que xa se manifestou a favor de resolver o contrato na Comisión Informativa de Obras, celebrada no día de hoxe, e mantén na mesma postura.

A continuación, intervén o Concelleiro de IU.-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que indica que habería que facer algo para que as empresas non defrauden, aínda que non se está a perder a subvención, está pendente traballo urxente e vai votar a favor da resolución do contrato, pero dí que hai que mirar a maneira de esixir garantías ás empresas para evitar este tipo de situacións.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde, sométese a votación este punto da orde do día, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, (dezaseis) acorda:

PRIMEIRO.- Resolver o contrato coa Empresa EGANO S.L. pola causa recollida no artº 111 parágrafo e) do TRLCAP.

SEGUNDO.- Incautar a garantía, segundo os informes obrantes no expediente, como consecuencia da resolución do contrato.

TERCEIRO.- Requirir a entidade avalista, para que proceda a ingresar a cantidade avalada, no prazo de quince días, na caixa da Corporación.

CUARTO.- Notifíquese o presente acordo á Empresa, e aos departamentos municipais de Intervención e Tesourería e Urbanismo.”



5º.- MOCION DO BNG PARA COMPENSAR AOS CONCELLOS CON CENTRAIS HIROELÉCTRICAS E PARQUES EÓLICOS POLA REDUCCIÓN DO IBI.

Polo Sr. Alcalde, dáselle o uso da palabra ao Concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta, que preenta para o seu debate no Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

“MOCION PARA COMPENSAR AOS CONCELLOS CON CENTRAIS HIDROELECTRICAS E PARQUES EÓLICOS POLA REDUCCION DO IBI.- Exposición do motivos.- O Real Decreto 1464/2007, por cal se aproban as normas técnicas de valoración catastral, establece que deberán ter en conta os concellos para fixar o Impost de Bens Inmóbeis (IBI) sobre os Bens Inmóbeis de Características Especiais (BICES), tais como centrais hidoeléctricas, parques eólicos, stradas e autoestradas, etc. A nova normativa tamén atribúe ao Catastro a exclusividade para levar a cabo as ponencias de valores, tomando, como único criterio o método de valoración do citado Real Decreto, que recolle os módulos contemplados nos anexos para cada unha das clases debens inmóbeis decaracterísticas especiais.

Esta nova lexislación afectou negativamente a boa parte dos concellos galegos con centrais hidroeléctricas, grandes encoros e presas, xa que os valores catastrais desti tipo de bens e instalacións teñen reducido, cos novos criterios de valoración, os ingresados e consolidados no ano 2007. Desta forma, a recadación por IBI unha das principais fontes de ingresos das arcas municipais xa de pos di deficitarias, ten diminuído considerablemente.-Por outra banda, o citado Real Decreto non ten en conta a sentenza do Tribunal Supremo do ano pasado, pola que se estimou a reclamación da FEGAMP. Esta sentenza establece, a efectos do lbi, a consideración como Bens Inmóbeis de Características Especiais dos parques eólicos en réxime especial.Porén, ao non estar incluído o contido da sentenza no Real Decreto, moitos municipios enfróntanse ao problema de que o catastro non realiza a correspondente valoración sobre este snovos BICES.- Epor isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicitar o voto favorábel do Pleno da Corporación Municipal para a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a que se dirixa ao Goberno do Estado para demandarlle:

- 1.- Compensar economicamente aos concellos galegos que, debido á aplicación do Real Decreto 1464/2007, vexan reducida a recadación do IBI debido á minoración na valoración dos seus Ben Inmóbeis de Características Especiais, habilitando a tal efecto as partidas necesarias nos Orzamentos Xerais do Estado para os vindeiros anos.
- 2.- Modificar o Real Decreto 1464/2007, de xeito que se incúa o contido da senteza do Tribunal Supremo do 30 de maio do 2007 sobre a consideración fiscal dos bens destinados á produción de enerxía eléctrica en réxime especial, como son os parques eólicos.”

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese en primeiro lugar, a do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que se manifesta a favor, xa que como Concelleiro-Delegado de Facenda- dí que serían ingresos para as Arcas Municipais e que, polo tanto, é normal que se manifeste a favor desta Moción do BNG.

Intervén, seguidamente, o Voceiro do PP. D. Guillermo Leal Arias, que está a favor da Moción e dí que xa se pronunciou á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

A continuación, inervén o Concelleiroo de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, manifestándose tamén a favor da Moción do BNG.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaséis) acorda dar a súa aprobación á Moción do BNG e:

Instar á Xunta de Galiza a que se dirixa ao Goberno do Estado para demandarlle:



1.- Compensar economicamente aos concellos galegos que, debido á aplicación do Real Decreto 1464/2007, vexan reducida a recadación do IBI debido á minoración na valoración dos seus Bens Inmóbeis de Características Especiais, habilitando a tal efecto as partidas necesarias nos Orzamentos Xerais do Estado para os vindeiros anos.

2.- Modificar o Real Decreto 1464/2007, de xeito que se inclúa o contido da sentenza do Tribunal Supremo do 30 de maio do 2007 sobre a consideración fiscal dos bens destinados á produción de enerxía eléctrica en réxime especial, como son os parques eólicos.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas do día da data, esténdendose de todo o tratado a dita acta, da que eu, Secretaria accidental, dou fe.